

## RUTA : PRAIA DA MAGDALENA-REDES

Iniciamos a nosa ruta na Praia de Cabanas de gran calidade, tanto polas súas características de auga, area e amplitude como polas súas instalacións e servizos dispoñibles.

Coñecida igualmente como Praia da Madalena – atópase situada fronte ao pobo de Pontedeume. Contorna semiurbano, area branca e fina, pouco ventosa e con augas tranquilas confírenlle a propiedade ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos:

Ten tamén un piñeiral próximo con certo equipamento, área picnic



O noso destino despois de percorrer unha senda litoral ben fermosa , donde atopamos carballos centenarios foi o pobo de Redes, que esta presente na cantinela popular “*En Ares non páresche, en Redes non quedes e en Caamouco para pouco*”.



## RUTA : PRAIA DA MAGDALENA-REDES

A malévola cantilena popular non lle fai xustiza a este coqueto rinconcito da coruñesa ría de Ares.

Un pobo mariñeiro e diminuto como os que xa case non quedan, abrazado a un mar calmo e parsimonioso que apenas lembra ao fero Atlántico dunhas poucas millas máis cara ao oeste.

Pero o verdadeiramente asombroso, é esa estreita camaradería entre as ondas e os caseróns construídos con saída ao mar.

Erixido nun tempo en que non se coñecían nin a Lei de Costas nin menos aínda ese instinto depredador dos novos urbanicidas, o pobo quixo dotarse de acceso directo ao que era o principal dos seus aliados.



Un lugar de extrema beleza e tranquilidade, onde os veciños poden tocar a ría desde a xanela da súa casa ou embarcarse nada máis cruzar o limiar da porta, coma se de “a Venecia galega” tratásese.

## RUTA : PRAIA DA MAGDALENA-REDES

A maioría destas casas son de inspiración cubana, xa que Cuba foi un dos centros de emigración máis importantes na zona, como a CASA DE CONCHA AMADO



O seu topónimo procede dun tradicional costume dos pescadores. Antigamente, tras recoller a pesca do día colgaban as redes para secar sobre unhas estacas colocadas no porto. Estas estruturas de madeira sobre as cales se colgaban as redes aínda se conservan hoxe en día.



Neste fermoso lugar reamtamós a nosa andaina despois dunha tarde de natureza e boas sensacións

